

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Nº 109

ano 18

novembro-decembro 2024

A documentación notarial (VI) **OS PROTOCOLOS NOTARIAIS E A HISTORIA DA ARTE**

A principios do século XVII a ermida medieval do Posío atopábase en moi mal estado de conservación. Por este motivo o cóengo cardeal Sánchez e o escribán Juan González de Aguiar, mordomos da da ermida e da súa confraría, acordaron reedificala, sufragando a obra a base de esmolos recollidas nas igrexas do bispado. Para iso asinaron un contrato co mestre de cantería Antonio Daraque o 24 de outubro do ano 1616 ante o notario Gregorio Pérez de Aguiar. Nel, ademais de se estableceren as cláusulas correspondentes, incorporáronse os planos da fachada e da planta do proxecto.

Aínda así, dez anos máis tarde contratouse a obra con outro mestre, Alonso Rodríguez, que elaborou un novo proxecto, do cal non quedou testemuño gráfico e que é posible que non coincidise exactamente co anterior. A razón deste cambio de proxecto podería deberse a un fenómeno común na España da Idade Moderna, na que os mestres aceptaban máis ofertas das que podían atender, polo que moitas veces se vían obrigados a cederlle o proxecto a outro mestre.

Esta ermida foi demolida a principios do século XIX e o único testemuño gráfico do aspecto que puido ter son os planos de Antonio Daraque. Estes planos e o mencionado contrato son un claro exemplo de como a documentación notarial pode ser unha fonte moi útil para a historia da arte. Grazas a isto podemos ter unha idea moi perfilada dese proxecto de reedificación da ermida, xa que no plano abundan detalles sobre a composición da fachada ou a organización da planta. Tamén podemos examinar a intencionalidade estética do autor, así como comparar similitudes e diferenzas con outros expoñentes coetáneos.

Esta ermida presentaría unha notoria semellanza coa da Nosa Señora dos Remedios, mandada levantar no século XVI polo rexedor Francisco Méndez xunto á ponte Maior da cidade. A diferenza máis notable reside en que a do Posío estaría coroada por un campanario. Presentaría un aspecto bastante sobrio, que se observa na elección do estilo toscano das columnas da portada e da cornixa. Pola súa vez, o corpo superior aparece engalanado cun óculo, unha fornela flanqueada de dúas pequenas

aletas, así como uns pináculos esféricos en ambos os laterais da fachada, todo culminado coa cruz. Aínda que este proxecto se enmarca cronoloxicamente nos inicios do período barroco, o certo é que presenta unha fachada sinxela, propia do clasicismo predominante no sur de Galicia nesta época. O plano da planta é de tipo basilical e divídese en tres naves mediante columnas.



1616, outubro, 16. Ourense.


Plano alzado do proxecto de fachada da Ermida de N^{ra}. Sra. do Posío contratado co mestre de cantería Antonio Daraque.

Orixinal; papel; tinta sepia e aguada; 440 x 300 mm

AHPOu. Protocolos notariais de Gregorio Pérez de Aguiar, Carp. II.

Historia da ermida do Posío

A ermida da Nosa Señora do Posío foi un pequeno santuario mariano situado no antigo campo do Posío, na marxe lateral sur do xardín do mesmo nome, a pouca distancia do inicio da actual rúa do Progreso. Xa se documenta a súa existencia en 1357, aínda que desta primeira etapa non queda ningunha referencia sobre o seu aspecto, polo que se descoñece se presentaba características de estilo románico ou gótico.



Plano da planta da ermida do Posío contratado polo mestre de cantaría Antonio Daraque en 1616.
AHPou, Protocolos notariais de Gregorio Pérez de Aguiar, Carp. II/4

Unha das primeiras descrições figura na visita do bispo Antonio Ramírez de Haro, o 17 de xuño de 1539. Segundo comenta, este templo era ancho e estaba rodeado por "un circuito de tierra" con numerosas árbores e unha horta, todo ben coidado. Xunto dunhas casas anexas, foi utilizada como hospital durante as graves epidemias de finais do século XVI, e moitas das vítimas foron soterradas no cemiterio da ermida.

A principios do século XVIII, o bispo Muñoz de la Cueva di que é un santuario moi venerado. Porén, a comezos do século XIX presentaba un estado bastante penoso. En 1821 atopábase en "total ruína", nunha situación "perjudicial al común y buenas costumbres", polo que se decidiu demolela coincidindo coa construción da estrada Vigo-Villacastín a mediados do século XIX. Este fenómeno foi bastante común e numerosas ermidas, tanto de Ourense como doutras localidades, desapareceron por circunstancias similares.

Como xa se indicou, os únicos testemuños que

gardan memoria da aparencia deste templo son os planos realizados por Antonio Daraque para a súa reconstrución no século XVII. Ademais, consérvase a imaxe pétrea da Virxe, que se situaba na fornela da fachada. Na actualidade venérase noutra fornela existente no muro que pecha o campo de deportes do Colexio das Josefinas, xunto ás Burgas. No Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense tamén se conserva algún resto deste templo.

Os protocolos notariais como fonte para a historia da arte

Non cabe dúbida de que para as persoas dedicadas á historia da arte o mellor escenario posible é poder contemplar directamente o seu obxecto de estudo en bo estado e no seu contexto orixinal. Pero este escenario tórnase utópico cando estas obras se atopan deterioradas, alteradas, descontextualizadas, ou, aínda peor, destruídas ou desaparecidas.

Nestes casos as fontes documentais poden proporcionar un raio de luz á investigación histórico-artística, en particular a documentación notarial. Así, os protocolos notariais atesouran información de grande interese, non só de carácter socioeconómico, senón tamén artístico. Aínda que en principio foron utilizados sobre todo para labores de investigación biográfica, o certo é que esta fonte documental presenta un amplo abano de posibilidades para calquera investigación histórica. Así, poden servir para realizar estudos sobre demografía, migracións, evolución das mentalidades e mesmo sobre temas artísticos.

Ademais, trátase de documentos de doado acceso e presentan unha aceptable conservación grazas a que, na súa gran maioría, se custodian nos arquivos históricos provinciais. As escrituras notariais que ofrecen maior información para a historia da arte son aquelas que describen o deseño dunha obra ou achegan unha reprodución gráfica dela. Non obstante, estas trazas e debuxos son bastante escasos.

Pola súa vez, nestes documentos tamén achamos a miúdo información sobre o proceso creativo da obra, o que resulta moi útil á hora de contextualizala. De feito, dentro das numerosas tipoloxías documentais que podemos atopar dentro dun protocolo notarial, os contratos de obra, como o que vemos no caso da ermida da Nosa Señora do Posío, resultan especialmente valiosos para realizar estudos propios da historia da arquitectura. A súa utilidade reside especialmente no feito de que adoitan incluír información sobre o comezo das obras, os planos, os materiais, a adquisición destes, etc. Todo isto permite afondar na mentalidade da época, ver que se valoraba e que se buscaba a nivel social con este tipo de proxectos arquitectónicos.

Texto: Alejandro Campos Blanco. DL O 67/2006; ISSN 2659-3491



XUNTA
DE GALICIA

Arquivo Histórico
Provincial de Ourense

Emilia Pardo Bazán, s/n
arq.prov.ourense@xunta.gal
Tlfo. 988788228